

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de OUTUBRO de 2011**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 28 de outubro de 2011, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 11/11, do 30 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 16.301 á nº 18.200, de 2011.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras provinciais

3.-Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2011 cuarta fase que integra as obras: mellora da seguridade viaria con sistemas de contención-barreiras metálicas zona D; parcheo con mestura asfáltica na DP 1105 Noia a Cabo de Cruz (Boiro); construción de muro de contención na DP 0511 Ledoño-Arteixo Pk 8+900 (Arteixo); mellora da seguridade viaria con sistemas de contención de barreiras de seguridade metálicas zona A; mellora do firme con mestura bituminosa en quente na DP 0509 rede viaria Polígono de Sabón vial nº 3 (Arteixo); mellora con mestura bituminosa en quente na DP 1914 Carballo a Portomouro (PK 0+000 a 29+000) segunda fase (Carballo, Tordoia e Val do Dubra).

4.-Aprobar o proxecto de terminación da obra que se relaciona e incluída no Plan de conservación de vías provinciais 2010 primeira fase: terminación grupo 24: Boiro, Lousame e Noia. Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días.

5.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 novena fase, integrado polo proxecto: DP 4202 Aldea Grande ao Couto (ensanche e mellora P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+200) Lousame. Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

6.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Galega de Medioambiente, S.A. e Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, para formalizar o convenio do Programa para reducir a produción de residuos urbanos en orixe e a mellora da recollida selectiva.

7.-Aprobación definitiva do expediente de cesión de uso do local do edificio A Milagrosa asignado á Fundación Odontolóxica Solidaria.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

8.-Aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do Plan de obras e servizos (POS) 2011, apartado de obras de investimento.

9.-Aprobar a 3ª fase da anualidade 2011 do proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder.

10.-Aprobar o proxecto reformado nº 2 da obra “Centro reunión social, 2-F” do Concello de Oroso, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007. Código: 07.3100.0182.0.

11.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Saneamento e abastecemento Pedroso Sur” do Concello de Padrón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2009. Código 09.2100.0207.0.

12.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Ampliación da calzada e firme do camiño Bos Aires a Pereiro”, do Concello da Laracha, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, co código: 10.2100.0105.0.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

13.-Modificar a Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

14.-Desenvolvemento da Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

15.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arzúa para organizar a VIII Feira de Agricultura Ecolóxica e Festival das Artes pola Diversidade.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

16.-Proposta de adhesión á Rede de Dinamización Lingüística e designación de representantes.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

17.-Toma de coñecemento do informe sobre o estado de tramitación das facturas recibidas con anterioridade ao 1 de xullo de 2011, en aplicación do establecido na Lei

15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163 do 6 de xullo de 2010).

18.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Vilarmajor en materia de recadación voluntaria e executiva da taxa pola prestación do servizo municipal de saneamento.

19.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Zas en materia de recadación das cotas de urbanización unha vez transcorrido o período voluntario de pago.

20.-Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

21.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa polo servizo de publicacións no Boletín Oficial da Provincia.

22.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame.

23.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón.

24.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza.

25.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais.

26.-Modificación da Ordenanza nº 12 reguladora do prezo público por servizos no centro residencial docente Calvo Sotelo.

27.-Modificación da Ordenanza nº 13 reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva.

28.-Modificación da Ordenanza nº 14 reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán.

29.-Expediente de modificación de créditos nº 3/2011 de aprobación polo Pleno.

30.-Modificar as subvencións nominativas recollidas na Base 49 das de execución do Orzamento 2011.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE OUTUBRO DE 2011

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de outubro de 2011, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	PP
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON ANTONIO NEGREIRA NOYA	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA

PP
PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor adxunto, don Juan Bautista Suárez Ramos.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 11/11, DO 30 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 11/11, do 30 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 16.301 Á Nº 18.200, DE 2011.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 16.301 á nº 18.200, de 2011.

3.-APROBAR O PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011 CUARTA FASE QUE INTEGRA AS OBRAS: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA CON SISTEMAS DE CONTENCIÓN-BARREIRAS METÁLICAS ZONA D; PARCHEO CON MESTURA ASFÁLTICA NA DP 1105 NOIA A CABO DE CRUZ (BOIRO); CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA DP 0511 LEDOÑO-ARTEIXO PK 8+900 (ARTEIXO); MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA CON SISTEMAS DE CONTENCIÓN DE BARREIRAS DE SEGURIDADE METÁLICAS ZONA A; MELLORA DO FIRME CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE NA DP 0509 REDE VIARIA POLÍGONO DE SABÓN VIAL Nº 3 (ARTEIXO); MELLORA CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE NA DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO (PK 0+000 A 29+000) SEGUNDA FASE (CARBALLO, TORDOIA E VAL DO DUBRA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1)Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VÍAS PROVINCIAIS 2011 CUARTA FASE cun orzamento total de 1398240,59- euros, que se detalla.

CODIGO	PRESUPOSTO	PROXECTO	CONCELLO
11.110.000.240	48.586,32	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA CON SISTEMAS DE CONTENCION-BARREIRAS METALICAS ZONA D	ZONA D
11.110.000.250	450.461,6	PARCHEO CON MESTURA ASFALTICA EN DP 1105 NOIA A CABO DE CRUZ	BOIRO

11.110.000.260	24.014,39	CONSTRUCION MURO CONTENCIÓN DP 0511 LEDOÑO-ARTEIXO PK 8+900	ARTEIXO
11.110.000.270	400.015,01	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA CON SISTEMAS DE CONTENCIÓN BARREIRAS DE SEGURIDADE METALICAS ZONA A	ZONA A DA PROVINCIA
11.110.000.280	131.321,03	MELLORA DO FIRME CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE NA DP 0509 REDE VIARIA POLIGONO DE SABON VIARIA Nº. 3	ARTEIXO
11.110.000.290	343.842,24	MELLORA CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE NA DP 1914 CARBALLO A PORTOMOIRO (PK 0+000 A 29+000) SEGUNDA FASE	CARBALLO, TORDOIA E VAL DO DUBRA
TOTAL	1.398.240,59		

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

4.-APROBAR O PROXECTO DE TERMINACIÓN DA OBRA QUE SE RELACIONA E INCLUÍDA NO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 PRIMEIRA FASE: TERMINACIÓN GRUPO 24: BOIRO, LOUSAME E NOIA. EXPOR AO PÚBLICO O PROXECTO MEDIANTE UN ANUNCIO QUE SE HA PUBLICAR NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA NUN PRAZO DE DEZ DÍAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o PROXECTO DE TERMINACIÓN DA OBRA QUE SE RELACIONA E INCLUÍDO NO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 133159,77.- euros, que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TERMINACION GRUPO 24: BOIRO LOUSAME E NOIA. 1011000009.2	133.159,77
TOTAL	133.159,77

Faise constar que o contrato de GRUPO 24: BOIRO LOUSAME E NOIA. 1011000009.0 foi resolto por Resolución de Presidencia 13232 8-7-2011

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

5.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 NOVENA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: DP 4202 ALDEA GRANDE AO COUTO (ENSANCHE E MELLORA P.Q. 0+000 AO P.Q. 2+200) LOUSAME. EXPOR AO PÚBLICO O PROXECTO MEDIANTE UN ANUNCIO QUE SE HA

PUBLICAR NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA NUN PRAZO DE DEZ DÍAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2010 NOVENA FASE cun orzamento total de 346.631,61.- euros, polo que se pode financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 e que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
D.P. 4202 ALDEA GRANDE AO COUTO (ENSANCHE E MELLORA P.K. 0+000 Ao P.K. 2+200). LOUSAME. 1011100009.0	346.631,61

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

6.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. E ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZIA, PARA FORMALIZAR O CONVENIO DO PROGRAMA PARA REDUCIR A PRODUCCIÓN DE RESIDUOS URBANOS EN ORIXE E A MELLORA DA RECOLLIDA SELECTIVA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, A Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) E A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA) para o financiamento do Programa piloto para a redución da produción de residuos sólidos urbanos en orixe e a mellora da recollida selectiva levado a cabo nos concellos de Camariñas, A Laracha, Oroso e Vilasantar dende o mes de marzo de 2009 ata o mes de setembro de 2010 por un presuposto de 107.77,12 euros de acordo co seguinte detalle:

A Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) levou a cabo as actividades seguintes, cun presuposto de 62.544,88 euros

Adquisición e subministración dos composteiros, por importe de 29.232,00€

Adquisición e subministración dos caldeiros domiciliarios para depósito de envases lixeiros, por importe de 4.060,00€.

Caracterizacións, mostraxes e análise final da calidade da compostaxe, por importe de 19.044,88€

Soporte didáctico e publicitario, por importe de 10.208,00€

A Asociación para Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) levou a cabo as actividades seguintes cun presuposto de 45.232,24€

Asesoría técnica continuada; curso de formación en cada concello, tanto de compostaxe como de xestión de residuos; instalación dos composteiros; 3 visitas casa por casa por cada composteiro; realización dunha enquisa por composteiro e realización dunha memoria cos resultados por concello.

A achega provincial ascende a 100.00,00 euros, por tanto e considerando que o presuposto total ascende a 107.777,12 euros supón un coeficiente de financiamento total do 92,784% € detallado como segue

SOGAMA PRESUPOSTO: 62.544,88€ Achega 55.000,00 Coeficiente financiamento 87,940% Partida 0202/162A/45390

ADEGA PRESUPOSTO: 45.232,24€ Achega 45.000,00 Coeficiente financiamento 99,490% Partida 0202/162A/481

TOTAL PRESUPOSTO: 107.777,12€ Achega 10.000,00 Coeficiente Financiamento 92,784%

O presente convenio de colaboración producirá efectos dende o 1 de marzo de 2009 e terá vixencia durante un ano contado dende a data da súa sinatura.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, SA (SOGAMA) E A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA PILOTO PARA A REDUCCIÓN DA PRODUCCIÓN DE RESIDUOS URBANOS EN ORIXE E A MELLORA DA RECOLLIDA SELECTIVA

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Ilmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte don Luís Lamas Novo, presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e dona Virxinia Rodríguez Álvarez, presidenta da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Mediante o acordo plenario adoptado en sesión do 31 de outubro de 2008 e, no seu cumprimento, mediante a Resolución da Presidencia nº 22.080 do 28 de novembro de 2008 aprobouse a formalización dun convenio de colaboración coas entidades Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) para o financiamento do programa piloto para a redución da produción de residuos urbanos en orixe e a mellora da recollida selectiva.

O citado convenio formalizouse en documento administrativo nº 176/2008 do 4 de decembro de 2008 e tiña vixencia ate o 10 de outubro de 2009.

Tendo en conta que non foi posible levar a cabo o programa no termo sinalado pero que as entidades o realizaron conforme á documentación que se achega, e dado o interese coincidente da Deputación, da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) as partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA), CIF A15379803 e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), CIF G15044811 para o financiamento do Programa piloto para a redución da produción de residuos sólidos urbanos en orixe e a mellora da recollida selectiva levada a cabo nos concellos de Camariñas, A Laracha, Oroso e Vilasantar dende o mes de marzo de 2009 ata o mes de setembro de 2010.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HAN REALIZAR AS ENTIDADES BENEFICIARIAS

As actuacións realizadas teñen un presuposto total de 107.777,12 € de acordo co seguinte detalle:

A Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) levou a cabo as actividades seguintes, cun presuposto de 62.544,88 €:

- Adquisición e subministración dos composteiros, por importe de 29.232,00 €
- Adquisición e subministración dos caldeiros domiciliarios para depósito de envases lixeiros, por importe de 4.060,00 €
- Caracterizacións, mostraxes e análise final da calidade da compostaxe, por importe de 19.044,88 €
- Soporte didáctico e publicitario, por importe de 10.208,00 €

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) levou a cabo as actividades seguintes, cun presuposto de 45.232,24 €:

- Asesoría técnica continuada; curso de formación en cada concello, tanto de compostaxe como de xestión de residuos; instalación dos composteiros; 3 visitas casa por casa por cada composteiro; realización dunha enquisa por composteiro e realización dunha memoria cos resultados por concello.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 100.000,00 €, que se fará efectiva con cargo ás aplicacións orzamentarias 0202/162A/45390 (a Sogama, por importe de 55.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 87,94% da cantidade xustificada) e 0202/162A/481 (a Adegas, por importe de 45.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 99,49% da cantidade xustificada) nas que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

4. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. A Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) fan constar que non contrataron a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) ou á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) fan constar que na publicidade pola que se deu a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, fíxose constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achéganse documentos que acreditan o cumprimento desta obriga da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ás ENTIDADES BENEFICIARIAS unha vez que ambas as dúas entidades presenten a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polos representantes legais das entidades Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación chegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificacións da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos expedidas polos órganos competentes.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

O obxecto deste convenio tense que realizar de forma coordinada, polo que calquera actividade que non realice calquera das entidades beneficiarias significará que a Deputación non terá a obriga de aboar a subvención ou a parte proporcional da actividade non realizada.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, están rematadas.

2. Unha vez rematadas as actividades, as entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización desde convenio e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ás entidades beneficiarias para que a presenten no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ás entidades beneficiarias da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polas entidades beneficiarias na documentación presentada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, as entidades beneficiarias terán dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) deberán acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que están ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) destinarán os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) deberán contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) poderán ser escollidas pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Ademais, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) quedan sometidas aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Ademais, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a entidades beneficiarias será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende o 1 de marzo de 2009 e terá vixencia durante un ano, contado dende a data da súa sinatura.

2. O presente convenio non poderá ser prorrogado e tampouco poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o e Resolución da Presidencia nº do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE A DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, SA	A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA
Diego Calvo Pouso	Luís Lamas Novo	Virxinia Rodríguez Álvarez,

7.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO DO LOCAL DO EDIFICIO A MILAGROSA ASIGNADO Á FUNDACIÓN ODONTOLÓXICA SOLIDARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso á FUNDACION ODONTOLOXÍA SOLIDARIA do local do Edificio “A Milagrosa”.

Os bens obxecto de cesión de uso valóranse, para os efectos de aluguer, nun prezo de 7 €/m² mes, o que resulta en 72.000 euros para os seis anos da cesión (a razón de 1.000 euros ao mes), de acordo coa taxación realizada polo Servizo de Arquitectura da Deputación da Coruña, aínda que o cesionario non terá que aboar o devandito importe. - MUNICIPIO: A Coruña.

- SITUACIÓN DO INMOBLE: Avda. de Cádiz, 5 - 15008 A Coruña

Sendo a superficie do terreo de 152 m², na planta baixa. Ten acceso independente desde os xardíns posteriores ao centro e conta cun itinerario accesible a persoas con mobilidade reducida. Teñen nas súas inmediacións instalacións de fontanería e saneamento así como a dotación dun local de aseos de uso exclusivo.

- REFERENCIA CATASTRAL:

7899201NH4979N0001FD

- ADQUISICIÓN: É PARTE DA FINCA COMPRADA Á FAMILIA PUGA, POR ESCRITURA PUBLICA DO 28 DE XULLO DE 1.888 OUTORGADA POR D. MANUEL DEVESA GAGO, RECTIFICADA POR OUTRA DO 10 DE MAIO 1889. SOBRE O PREDIO, CONSTRUIU A DEPUTACIÓN ÁS SÚAS EXPENSAS.

- REXISTRO: non consta

- DESTINO: CESIÓN Á FUNDACIÓN ODONTOLOXÍA SOLIDARIA-

2º. As condicións de cesión de uso son as establecidas no texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN ODONTOLOXÍA SOLIDARIA para a cesión do local destinado á instalación da Clínica Dental de 4º Mundo da Fundación e desenvolver a atención, por parte de profesionais voluntarios, en materia de saúde bucodental a persoas en situación ou risco de exclusión social de toda a provincia da Coruña., aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria do 29-04-2011.

3º. A cláusula terceira do convenio establece que:

“O prazo de cesión de uso do local será de seis anos, como máximo, contado desde a finalización das obras do seu acondicionamento e o inicio das actividades. Para estes efectos as obras deberán estar finalizadas e as actividades iniciadas, no prazo máximo de 6 meses contados desde a sinatura deste convenio. Non obstante a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de 3 meses, e sen que por este motivo teña dereito a Fundación Odontoloxía Solidaria a ningunha indemnización, polo que deberá devolver os bens en perfecto estado de conservación“.

4º. Dar conta da cesión de uso á Comunidade Autónoma de Galicia

5º.- Facultar o presidente para a execución do presente acordo e, no seu caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

8.-APROBAR A MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2011, APARTADO DE OBRAS DE INVESTIMENTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os escritos recibidos dos concellos da Coruña, Culleredo, Ferrol, Mazaricos, Melide, Muros, Noia, Pontedeume, Ribeira, Sada, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso e Cariño nos que se comunica que existen dificultades para a

adjudicación das 28 obras que máis adiante se indican, incluídas todas elas no Plan provincial de obras e servizos (POS) 2011 que foi aprobado por acordo plenario do 25 de febreiro de 2011, e modificado o 29 de abril de 2011.

Considerando que no Real Decreto 835/2003 se prevé a posibilidade de que a subvención do MPT e AP alcance ata o 40% ou 50% do orzamento de cada proxecto en función do tipo de obra de que se trate.

Tendo en conta que hai outras 24 obras dos concellos de Aranga, A Baña, Coristanco, Narón, Paderne, Vilasantar e Zas ás que podería aplicarse a subvención do MPT e AP inicialmente prevista para as obras que máis adiante se indican, realizando unicamente axustes de distribución interna do financiamento, sen que iso afecte en absoluto aos seus importes totais.

1.- Aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do POS 2011, aprobado por acordo plenario do 25 de febreiro de 2011, modificado o 29 de abril de 2011, cofinanciado entre o MPT e AP, Deputación fondos propios e Concello, no sentido seguinte:

- Nas obras nº 69 do Concello da Coruña, 70, 71, 72 e 73 do Concello de Culleredo, 82 do Concello de Ferrol, 103, 104 e 105 do Concello de Mazaricos, 106 e 107 do Concello de Melide, 127 do Concello de Muros, 141 do Concello de Noia, 182 do Concello de Pontedeume, 189, 190 e 191 do Concello de Ribeira, 197 e 199 do Concello de Sada, 204, 205, 206, 207, 208 e 209 do Concello de Santa Comba, 210 do Concello de Santiago de Compostela, 213 do Concello de Santiso e 250 do Concello de Cariño, elimínase a subvención do MPT e AP e incrementábase na mesma contía a achega da Deputación Fondos propios, sen que iso afecte aos importes totais destas 28 obras.

Concello: A Coruña			
Denominación: Saneamento contorna Canteira de Eirís			
Código: 11.2100.0069.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	20.224,30	0,00	-20.224,30
Deputación fondos propios	76.851,48	97.075,78	20.224,30
Concello	5.114,22	5.114,22	0,00
TOTAL	102.190,00	102.190,00	0,00
Concello: Culleredo			
Denominación: Pavimentación da rúa en Monte Alfeirán			
Código: 11.2100.0070.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	20.179,57	0,00	-20.179,57
Deputación fondos propios	76.681,52	96.861,09	20.179,57
Concello	23.328,32	23.328,32	0,00
TOTAL	120.189,41	120.189,41	-0,00
Concello: Culleredo			

Denominación: Pavimentación na rúa Amparo López Jean			
Código: 11.2100.0071.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	12.055,95	0,00	-12.055,95
Deputación fondos propios	45.812,10	57.868,05	12.055,95
Concello	13.937,12	13.937,12	0,00
TOTAL	71.805,17	71.805,17	0,00
Concello: Culleredo			
Denominación: Pavimentación na rúa Pena Loureira-Castro			
Código: 11.2100.0072.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	8.841,12	0,00	-8.841,12
Deputación fondos propios	33.595,88	42.437,00	8.841,12
Concello	10.220,64	10.220,64	0,00
TOTAL	52.657,64	52.657,64	0,00
Concello: Culleredo			
Denominación: Pavimentación en Cornedo, parroquia de Sésamo			
Código: 11.2100.0073.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	7.805,83	0,00	-7.805,83
Deputación fondos propios	29.661,81	37.467,64	7.805,83
Concello	9.023,82	9.023,82	0,00
TOTAL	46.491,46	46.491,46	-0,00
Concello: Ferrol			
Denominación: Pluv.beirar.ilum.estra.O Vilar-Faro-S. Xurxo- Covas			
Código: 11.2100.0082.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	55.201,29	0,00	-55.201,29
Deputación fondos propios	209.762,55	264.963,84	55.201,29
Concello	35.076,80	35.076,80	0,00
TOTAL	300.040,64	300.040,64	-0,00
Concello: Mazaricos			
Denominación: Mell. af. prrqs. Mazaricos, Chacín, Eirón e Alborés			
Código: 11.2100.0103.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	17.093,83	0,00	-17.093,83
Deputación fondos propios	64.955,82	82.049,65	17.093,83
Concello	4.318,41	4.318,41	0,00
TOTAL	86.368,06	86.368,06	-0,00
Concello: Mazaricos			
Denominación: Mell. afirmado prrqs. Colúns, Coiro, Beba e Baos			
Código: 11.2100.0104.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	15.939,66	0,00	-15.939,66
Deputación fondos propios	60.570,02	76.509,68	15.939,66
Concello	4.026,83	4.026,83	0,00
TOTAL	80.536,51	80.536,51	-0,00
Concello: Mazaricos			
Denominación: Mellora afirmado parroquias de Corzón e Maroñas			
Código: 11.2100.0105.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	17.989,21	0,00	-17.989,21
Deputación fondos propios	68.358,22	86.347,43	17.989,21
Concello	4.544,61	4.544,61	0,00
TOTAL	90.892,04	90.892,04	-0,00
Concello: Melide			
Denominación: Acondicionamento dos viais dos Ánxeles e outro.			
Código: 11.2100.0106.0	Financiamento	Financiamento	Diferenza

	inicial	modificado	
Estado	19.791,84	0,00	-19.791,84
Deputación fondos propios	75.208,16	95.000,00	19.791,84
Concello	5.000,00	5.000,00	0,00
TOTAL	100.000,00	100.000,00	-0,00
“A Administración xeral do Estado, as Administracións autonómicas e as entidades que integran a Administración local, así como os consorcios ou outras entidades de cooperación constituídos para tales efectos por estas, adoptarán as medidas necesarias e incorporarán nos seus respectivos ámbitos as tecnoloxías precisas para posibilitar a interconexión das súas redes co fin de crear unha rede de comunicacións que interconecte os sistemas de información das Administracións públicas españolas e permita o intercambio de información e servizos entre elas, así como a interconexión coas redes das institucións da Unión Europea e doutros Estados membros.”

Esta regulación supón o recoñecemento legal da comunicación entre distintas administracións por medio de redes telemáticas, así como a súa validez para todos os

efectos, sempre que se garanta a seguridade e integridade da contorna cerrada de comunicación e a protección dos datos remitidos.

9.- Considerando moi favorable, para a extensión do uso dos certificados deste tipo entre as administracións locais da provincia da Coruña, que a Deputación Provincial da Coruña exerza as súas competencias de asistenta técnica a estas, permitindo, a xestión da tramitación por conta dos citados concellos de certificados electrónicos dos citados na Lei 11/2007 e recollidos no presente acordo.

As partes intervenientes, na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación para asinar o presente acordo, de conformidade co artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, LXPAC, formalizándoo sobre a base das seguintes

CONDICIÓNNS

Primeira. O obxecto do presente acordo é que o <<CONCELLO>> lle atribúa á Deputación Provincial da Coruña, a encomenda da tramitación, por conta e en nome do <<CONCELLO>>, de solicitudes de emisión, suspensión e revogación de certificados electrónicos. As peticións serán dirixidas á FNMT-RCM na súa condición de prestador de servizos de certificación. Os certificados serán os da Lei 11/2007: de persoal ao servizo da administración, de sede electrónica e de actuación administrativa automatizada (selo electrónico), que se expidan a nome do <<CONCELLO>>.

Segunda.- En ningún caso, a Deputación da Coruña se considerará a administración titular do certificado, respectando a súa titularidade a nome do <<CONCELLO>>, e os datos consignados na petición.

Terceira: A petición de certificados, do ámbito da Lei 11/2007 antes citados, por parte do <<CONCELLO>> á Deputación da Coruña, realizarase a través da sede electrónica da Deputación (sede.dicoruna.es), sempre que cumpran os Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e Seguridade, sen que sexa necesaria a comparecencia física do persoal do <<CONCELLO>> ante a oficina de rexistro da Deputación. A constatación da personalidade e demais datos esixidos, presumirase polo feito da petición realizada polo persoal competente do <<CONCELLO>> a través das redes citadas, polo que poderán realizar tamén as peticións en papel mediante o envío á Deputación dos documentos públicos administrativos correspondentes por parte do <<CONCELLO>>. Na petición do <<CONCELLO>> constatarase a vontade de que sexa emitido, suspendido ou revogado o certificado de que se trate e identificarase nominalmente de forma conxunta á persoa titular do posto de traballo ou cargo que exerce, ao <<CONCELLO>> e ao órgano ou unidade na que preste servizo, tal e como consten na petición que realice o propio <<CONCELLO>>, todo iso nos formatos establecidos pola FNMT-RCM.

Cuarta: A petición de expedición deste tipo de certificados dirixirase por parte do <<CONCELLO>> ao responsable das operacións de rexistro (ROR) da Deputación

Provincial da Coruña a través do trámite electrónico disposto para o efecto na sede electrónica da Deputación ou mediante o envío da documentación en papel. Unha vez validada, por parte da Deputación Provincial da Coruña, a petición de certificados realizada polo <<CONCELLO>>, a Deputación, a través da súa 'ROR', solicitará á FNMT-RCM a emisión dos certificados correspondentes mediante a aplicación de rexistro proporcionada pola FNMT-RCM. Co mesmo procedemento poderá solicitar a suspensión ou revogación dos certificados. A Deputación só poderá solicitar a suspensión ou revogación deste tipo de certificados no caso de que o suposto estea recollido na Lei 59/2003, de sinatura electrónica, normas de desenvolvemento ou na DPC da FNMT-RCM.

Os sistemas, técnicas e aplicacións que se van utilizar no intercambio de información, especificaranse nos procedementos de rexistro proporcionados pola FNMT-RCM á Deputación, que trasladará aos empregados do <<CONCELLO>> para realizar as peticións de certificados.

Para iniciar o procedemento e tramitar de forma segura as peticións de certificados, unha copia auténtica desta encomenda será remitida, pola Deputación á Xunta de Galicia como asinante do contrato coa FNMT-RCM, xunto cos datos identificativos dos responsables de ambas as dúas administracións (os do <<CONCELLO>>, que realizarán as peticións de rexistro á Deputación, e os desta no caso de que aínda non lle conste á FNMT-RCM). A Xunta de Galicia remitirá a copia da encomenda xunto cos datos identificativos dos representantes á FNMT-RCM para que lle conste tal acordo e co fin de dar de alta no Sistema de Rexistro do Departamento CERES desta entidade e xestionar os permisos correspondentes. Non é posible iniciar a alta no sistema de rexistro se non se ten constancia da entrega da citada copia auténtica desta encomenda xunto cos datos antes referidos.

Quinta: A petición de emisión, suspensión ou revogación destes certificados á Deputación realizaraa o persoal delegado competente do <<CONCELLO>>, utilizando para iso o seu certificado persoal clase 2, o de empregado público ou o DNI-electrónico.

Sexta: A Deputación da Coruña asesorará en todo momento o persoal do <<CONCELLO>> durante o proceso de petición e solicitude do certificado, así como no seu uso e custodias seguras, proporcionándolle a formación adecuada para iso. Pola súa vez, a FNMT-RCM resolverá as incidencias e consultas correspondentes á Xunta de Galicia e á Deputación polas canles existentes.

Sétima: O <<CONCELLO>> e a Deputación serán os únicos responsables das peticións e solicitudes de emisión, suspensión ou revogación dos certificados electrónicos ás deputacións, respondendo da veracidade dos datos consignados e da vontade do <<CONCELLO>> de que sexa emitido, suspendido ou revogado un certificado AP (Lei 11/2007).

Oitava: Financiamento. O presente acordo non comporta obrigacións económicas para as partes, por afectar a cuestións organizativas das administracións intervenientes.

Novena: O presente acordo terá unha duración de 4 anos renovándose automaticamente por igual período se non se produce a súa denuncia por calquera das partes, sen prexuízo da facultade das partes para subscribir un novo. No entanto, o presente acordo quedará extinguido cando se extinga a adhesión do <<CONCELLO>> ao convenio coa Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade con canto antecede, asíñase o presente acordo en exemplar triplicado e para un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

O/A Alcalde/Alcaldesa-Presidente/a do <<CONCELLO>> O Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Asdo.<<NOME E APELIDOS ALCALDE>>

Asdo. D. Diego Calvo Pouso

4.Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

15.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARZÚA PARA ORGANIZAR A VIII FEIRA DE AGRICULTURA ECOLÓXICA E FESTIVAL DAS ARTES POLA DIVERSIDADE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se subscribirá entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arzúa para financiar a VIII Feira Agricultura Ecolóxica que se ha celebrar en Arzúa.

2.- A achega provincial establecida no convenio ascende a un total de 60.000,- euros, que supón o 80 % do orzamento total.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/419A/462.01

3.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio”

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de dous mil once

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. , en representación do Concello de Arzúa.

EXPOÑEN

Que a Feira Ecolóxica e Festival das Artes pola Diversidade, é un gran festival de carácter ambiental que responde a unha demanda social cada vez máis puxante de ofertas culturais de grande formato nos que conflúe espectáculo e ocio e cobre un oco existente na extensa programación cultural galega.

Estase a dar en Galicia un fenómeno de concienciación social ao redor dos valores ambientais e por isto estamos convencidos que a realización dun macro festival de carácter multidisciplinar e multixeracional, cun obxectivo claro de defensa e promoción do noso medio, sería un éxito radical.

Os obxectivos fundamentais deste Festival son tanto o desenvolvemento da cultura participativa dinamizando novos espazos sociais e difundindo valores de ecoloxismo como promover o desenvolvemento local vencellado á cultura motivando a participación da mocidade e da cidadanía do Concello de Arzúa ademais de promover a súa concienciación e contribuír á conservación, recuperación e mellora do medio.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE ARZÚA, P-1500600J, para o financiamento da VIII Feira Ecolóxica e Festival das Artes pola Diversidade .

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR O CONCELLO DE ARZÚA.

O CONCELLO DE ARZÚA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

INFRAESTRUTURAS	15.000,00 €
Escenario.	
Equipo de son e luz.	

Casetas para expositores. Loxística.	
PUBLICIDADE / DIFUSIÓN.....	20.000,00 €
Edición de carteis, trípticos e flyers. Deseño da publicidade. Elaboración de pancartas. Decoración.. Actualización e mantemento da páxina web. Realización de camisetas. Distribución polas capitais galegas. Publicidade prensa radio e TVG	
CONTRATACIÓN ARTISTAS.....	24.000 €
PROGRAMACIÓN	6.000 €
Exposicións. Obradoiros. Cursos: Demostracións:	
XESTIÓN /EXECUCIÓN /RECURSOS HUMANOS.....	8.000,00 €
Deseño do programa. Dirección do festival. Xestión das actividades. Xestión da loxística. Busca de expositores. Gabinete de prensa. Difusión. Execución.	
VARIOS	2.000 €
Protocolo. Axudas de custe. Papelería. Ferraxería.	
TOTAL	75.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80%. No caso de que o gasto xustificando non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/419A/462.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que O CONCELLO DE ARZÚA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE ARZÚA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE ARZÚA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE ARZÚA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Consonte co disposto na Base 56ª.2 das de execución do Orzamento para o ano 2011, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE ARZÚA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O CONCELLO DE ARZÚA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, aboarase o 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE ARZÚA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2011 no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable
- Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE ARZÚA na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE ARZÚA terá dereito ao aboamento dos xuros de

mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, O CONCELLO DE ARZÚA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA. As datas dos xustificantes estarán comprendidas entre o 1 de xuño ao 31 de decembro de 2011.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE ARZÚA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE ARZÚA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE ARZÚA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE ARZÚA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE ARZÚA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE ARZÚA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE ARZÚA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia o presente convenio finalizará 1 ano despois da súa sinatura e producirá efectos retroactivos dende o 1 de xuño de 2011 ata o 31 de decembro de 2011

2. Despois da solicitude do CONCELLO DE ARZÚA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia

inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE ARZÚA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuaduplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

Todo isto despois do preceptivo informe de Patrimonio e Contratación e Intervención Provincial.”

16.-PROPOSTA DE ADHESIÓN Á REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA E DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES.

INTERVENCIONES

Sr. Regueira Varela

Bos días, Sr. presidente, Sras. e Sres., o BNG vai votar en contra da adhesión á Rede de Dinamización Lingüística, vaino facer porque non sabemos as condicións do convenio de adhesión que se vai protocolarizar. Gustaríanos saber en que vai consistir a participación da Deputación nesa Rede de Dinamización Lingüística, se a Deputación vai inxectar economías a esa Rede, e se iso vai significar tamén unha minoración das

economías que ten a Deputación designadas a manter o apoio ás redes de dinamización dos propios concellos da provincia da Coruña. Por tanto, e de momento, esperando a que se nos poidan aclarar estes puntos, nós imos votar en principio en contra desta adhesión.

Sr. Freire Abeijón

Bos días, presidente e demais deputados. En principio este acordo de adhesión non suporía ningunha minoración sobre o que é o programa de colaboración co Plan de normalización lingüística, este plan, en función dos axustes que haxa que realizar á hora de aprobar o orzamento, previsiblemente no próximo Pleno, pode sufrir algún axuste ou algún recorte pero que para nada tería vinculación coa adhesión á Rede de Normalización Lingüística, máis ben esta adhesión o que permite é coordinar e facer determinadas propostas conxuntas sen que a Deputación actúe dunha forma atrapallada dado que xa son moitos os concellos da provincia da Coruña e de Galicia que están adheridos a esta rede, entendemos que, dado que esa adhesión non vai minorar para nada a participación no programa de normalización lingüística e dado que, máis que nada, trátase dun traballo de coordinación e de colaboración para definir estratexias comúns, non entendemos que poida supor un menoscabo do actual Plan de normalización lingüística.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a adhesión á Rede de Dinamización Lingüística creada pola Orde do 14 de setembro de 2010 publicada no DOG do 21 de setembro de 2010, que busca congrega ás entidades con competencia na promoción do uso da lingua galega, e nos termos expresados en dita orde.

De acordo co disposto no artigo 14, puntos 4 e 5 da orde mencionada, désígnanse representantes desta Deputación na Rede, ás persoas seguintes:

- Representante política: Zaira Rodríguez Pérez e suplente: Antonio Cañas Varela

- Representante técnica: Inés Dorado Fernández e suplente: Dores Sánchez Alegre

Solicitarlle a adhesión á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a cal queda vinculada á rede e que garante o financiamento das actividades”.

17.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS RECIBIDAS CON ANTERIORIDADE AO 1 DE XULLO DE 2011, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163 DO 6 DE XULLO DE 2010).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento dos informes emitidos pola Intervención e a Tesourería Provincial en cumprimento do establecido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.

Segundo:Dispor que se proceda á inserción dun anuncio na páxina web da Deputación no que se indique que a documentación referenciada no apartado anterior está ao dispor dos interesados para o seu exame e consulta no Servizo de Contabilidade.

Terceiro: Proceder ao envío da devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

18.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VILARMAIOR EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Vilarmajor en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva da taxa pola prestación do servizo municipal de saneamento.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

19.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ZAS EN MATERIA DE RECADACIÓN

DAS COTAS DE URBANIZACIÓN UNHA VEZ TRANSCORRIDO O PERÍODO VOLUNTARIO DE PAGO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Zas en relación coa seguinte materia:

- Recadación das cotas de urbanización unha vez transcorrido o período voluntario de pago.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

20.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL XERAL: Modificación dos artigos 9.2; 46.4 e 46.5.

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal xeral.

4º.- A ordenanza fiscal xeral comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2012.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

21.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE PUBLICACIÓNS NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA (artigos 7 e 8.4).

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 2.

4º.- A ordenanza fiscal nº 2 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2012.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

22.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS, ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E DEREITOS DE EXAME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS, ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E DEREITOS DE EXAME (artigo 6)

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da

Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 3.

4º.- A ordenanza fiscal nº 3 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2012.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

23.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN (artigo 6).

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da

Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 4.

4º.- A ordenanza fiscal nº 4 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2012.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

24.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO CONSERVATORIO DE DANZA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO CONSERVATORIO DE DANZA (artigo 6).

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da

Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 10.

4º.- A ordenanza fiscal nº 10 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor para o curso escolar 2012/2013.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

25.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS.(artigo 5).

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo

caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 11.

4º.- A ordenanza fiscal nº 11 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2012.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

26.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza nº 12 reguladora do prezo público por servizos no Centro Residencial Docente Calvo Sotelo.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO (artigo 4.1).

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 49.b) da Lei de 7/85 do 2 de abril, de bases de réxime local.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederáse á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 12.

4º.- A ordenanza nº 12 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor para o curso escolar 2012/2013.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.”

27.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 13 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DA PISTA POLIDEPORTIVA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza nº 13 reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA Nº 13 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DA PISTA POLIDEPORTIVA (artigo 4.2).

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o

expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, de bases do réxime local.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 13.

4º.- A ordenanza nº 13 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, a ordenanza publicárase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2012.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.”

28.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 14 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO PAZO DE MARIÑÁN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza nº 14 reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA Nº 14 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO PAZO DE MARIÑÁN. (artigos 4.2 e 4.3).

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos

de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, de bases do réxime local.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 14.

4º.- A ordenanza nº 14 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2012.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 49.c) unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.”

29.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 3/2011 DE APROBACIÓN POLO PLENO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 3/2011 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 3.362.544,05 euros que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

C.E. Créditos extraordinarios	1.025.300,79
R.X. Remanente de tesourería para gastos xerais:	1.835.956,98

Total de aumentos: 3.362.544,05

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

S.C. Suplementos de crédito	2.337.243,26
B.A. Baixas por anulación:	1.526.587,07

Total financiamento: 3.362.544,05

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.A.1 Resumo por capítulos do estado de gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	200,00	354.878,64
2. Gastos correntes	296.952,93	0,00
3. Gastos financeiros	0,0	0,00
4. Transferencias correntes	369.111,50	60.000,00
6. Investimentos reais	85.190,84	1.029.997,21
7. Transferencias de capital	2.256.210,14	81.711,22
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	354.878,64	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	3.362.544,05	1.526.587,07

B.A.2 Resumo por capítulos do estado ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. finan. Remanente de Tesourería	1.835.956,98
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	1.835.956,98

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

30.-MODIFICAR AS SUBVENCIONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 49 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificación da base 49ª de execución do orzamento provincial.

1º.1. **Incorporar** ás subvencións nominativas recollidas na base 49ª do Orzamento provincial do exercicio 2011 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no

artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0202/134A /624.01	Concello de Ferrol	P1503700E	Adquisición ambulancia Servizo Protección Civil	50.000,00	50.000,00	100,00
0202/169A/762.01	Concello de Ribeira	P1507400H	Obras de acondicionamento local municipal	25.000,00	98.521,01	25,36
0202/171A/762.01	Concello de Padrón	P1506600D	Cerramento e restauración Xardín Artístico	66.573,47	218.690,25	30,44
0202/342A/762.01	Concello do Pino	P1506700B	Equipamento e mobiliario Polideportivo Lameiro-Arca	35.000,00	45.831,74	76,37
0202/342A/762.01	Concello de Tordoia	P1508500D	Equipamento ximnasio	20.000,00	29.991,39	66,67
0202/431A/762.01	Concello de Pontedeume	P1507000F	Obras de acondicionamento de mercado provisional	140.000,00	385.682,03	36,30
0701/231E/481	Federación de asociacións de persoas con discapacidade. COGAMI - CORUÑA	G15077845	Gastos de funcionamento	25.000,00	31.250,00	80,00

1º.2. Modificar as subvencións nominativas seguintes:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE ACHEGA
0601/334A/480	Fundación Rosalía de Castro (1)	G15040850	Programa actividades. Ano 2011	30.050,00

(1) Cambio de aplicación presupostaria

APLICACIÓN PRESUPUESTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPUESTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0103/232B/781	Fundación Taller de Solidariedade (1)	G83105783	Formación para o traballo e inserción laboral no Barrio de La Gaitana – Bogotá - Colombia	63.148,00	103.747,19	60,87
0305/432C/462.01	Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol SA (2)	A70222237	Plan de competitividade turística 2011	98.800,00	123.500,00	80,00
0305/432C/762.01	Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol SA (2)	A70222237	Plan de competitividade turística 2011	1.200,00	1.500,00	80,00
0701/231E/781	Asociación Pro-enfermos mentales de Coruña – APEM (3)	G15034176	Obras de ampliación do Centro “Os Chopos” na Coruña	200.000,00	741.877,80	26,96
0701/232A/467.01	Consorcio As Mariñas(4)	P1500011J	Contratación persoal para mantemento do equipo de inserción sociolaboral.	60.000,00	75.000,00	80,00

(1) Corrixir o presuposto subvencionado e o coeficiente de financiamento

(2) Cambio de beneficiario e de aplicación presupostaria

(3) Cambio de importe da subvención, presuposto subvencionado e coeficiente de financiamento

(4) Cambio de obxecto e aplicación presupostaria

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do RD 500/90 do 20 de abril.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

ACTUACIÓN DE CONTROL ROGOS E PREGUNTAS

INTERVENCIONES

Sr. Regueira Varela

Varias cousas. Primeiro, manifestamos que lemos con certo estupor as declaracións da deputada presidenta da Área de Normalización Lingüística, e aínda que entendemos que seguramente, e así o queremos pensar, as súas declaracións nalgunha pregunta que aludía ao seu traballo, que é unha obriga como presidenta da área de normalización, promover e normalizar o uso da lingua galega, aínda que entendemos que se puido dar algún malentendido entre quen entrevistaba e a súa resposta, se as consideramos, o que vén recollido no medio de comunicación, considerámolo totalmente inadmisibile e inoportuno por parte dunha persoa que ten como obriga defender e promover o uso da lingua galega. Iso por unha banda.

Pero queriamos tamén que se nos explicase, ou polo menos pór de manifesto o que pasou na Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos, onde dous proxectos, un do Concello de Muxía e outro do Concello de Betanzos foron paralizados por mor dun escrito dunha forza política da oposición, neste caso do Partido Popular, nós cremos que é un mal precedente que se lle dea máis valor a un escrito dunha forza política que a un acordo plenario e a todos os informes técnicos do Concello, porque iso podería significar que a partir de agora calquera grupo da oposición dun Concello dubidase da legalidade de calquera obra, a verdade é que isto significaría a paralización de moitos dos trámites administrativos para obras moi importantes para os concellos desta provincia, por tanto, entendemos que, oxalá sexa unha excepcionalidade, e que a partir de agora se proceda a darlles o valor que merecen os acordos plenarios e os informes dos técnicos municipais correspondentes.

E por último, tamén nos gustaría que se nos explicase, hoxe liamos unha entrevista co Sr. presidente da Deputación, onde dicía que o orzamento desta administración pública seguramente se reduza nuns vinte millóns de euros e, aínda que é certo que está moi clara a posición do Bloque Nacionalista Galego en relación con esta Administración, na que nós afirmamos que na maior brevidade de tempo debería de desaparecer, forzas políticas como o Partido Popular defenden que esta Administración pública ten algún valor e ten algunha razón de ser, sobre todo, canto a axudar aos pequenos e medianos concellos a poder subsistir, sobre todo neste escenario de crise económica, pero despois disto vemos que a Deputación, segundo se desprende dalgunhas informacións dos xornais da provincia, vai destinar diñeiro que lle correspondería destinar a outra Administración, que é a Xunta de Galicia, e vémolos reflectido nalgún acordo que veu hoxe a Pleno, como é a dotación económica para manter persoal no Consorcio das Mariñas, que foi recortado pola Xunta, nun servizo fundamental como o de asistencia social, ou vemos que tamén se van destinar, polo que recolle a prensa, sobre un terzo do que vai custar o túnel do Parrote, que é competencia exclusiva da Xunta de Galicia e que significaría uns dez millóns de euros, para unha

obra, que xa digo, non é competencia desta Administración pública, ou o caso da rotonda de Sabón, onde a Xunta de Galicia só recolle nos seus orzamentos para o ano que vén 250.000 euros e que xa se manifesta que esta Administración pública tamén vai participar no financiamento desa obra. Nós entendemos que, efectivamente, se quitamos todas estas partidas orzamentarias, o orzamento total da Deputación para o ano que vén non se tería por que ver reducido neses vinte millóns de euros, e nós entendemos tamén que, mentres que esta Administración pública exista, estamos de acordo co Partido Popular en que a súa obriga fundamental debe de ser prestar asistencia aos pequenos e medianos concellos da provincia, reclamamos que siga sendo así, e que outras obras que non son competencia desta Administración as sigan financiando as administracións que teñan a competencia.

Sr. Freire Abeijón

Grazas. Referente á primeira das cuestións expostas, entendo que por alusións á deputada da área correspondente quererá facer algunha matización. Sobre o segundo apartado, efectivamente, entendemos que o razoable é que un asunto non forme parte da Comisión Informativa ata que estea perfectamente completo e identificado ese expediente e que dispoña de todos os informes favorables, pero dado que, por un principio de cautela, independentemente de que o sinal de alarma ou de advertencia poida proceder dun grupo político con representación no concello, entendemos que cando temos constancia dunha alarma ou alerta como consecuencia da non dispoñibilidade, ou algunha dificultade na dispoñibilidade dos terreos, e onde ademais no expediente parece ser que non consta o informe da Secretaría municipal, non quere dicir que esta paralización ou suspensión temporal vaia carrexar ningunha consecuencia negativa posteriormente, e dado tamén que, mesmo por parte dos membros da Garda Civil acudiron a esta Deputación para pedir documentación relativa a este expediente, entendemos que o prudente, polo momento, é verificar ese expediente, verificar que os informes correspondentes son favorables e a partir de aí, loxicamente, continuaríase coa súa tramitación, lamentando que estas circunstancias non se detectaron antes da convocatoria da Comisión Informativa.

Hai unha terceira cuestión que supoño que o presidente é a persoa máis autorizada para responderlle, pero entendemos que, independentemente de que a Deputación loxicamente ten que marcar como o seu obxectivo a axuda aos pequenos e medianos concellos, e como non, tamén, participar noutros programas expostos desde os grandes concellos e desde as cidades, e loxicamente nun momento de axustes orzamentarios e de recortes que afectan as distintas administracións, ás veces para poder materializar algún deses proxectos é, como non, necesaria tamén a participación dunha maneira porcentual por parte desta Administración e deste organismo provincial, entón supoño que o presidente quererá matizar algún detalle máis, e se non hai inconveniente, presidente, que a deputada Zaira faga unha intervención.

Sra. Rodríguez Pérez

En primeiro lugar que non sei se foi un malentendido, sinceramente, entre o xornalista e eu, tampouco teño moi claro que me teña que desculpar tampouco porque son galega, a miña familia tamén é galega, teño un profundo respecto pola miña terra, e que en moitas ocasións falo galego e en moitas ocasións falo castelán, e non creo que iso sexa ningún problema, sinceramente

Sr. Regueira Varela

En todo caso, o que tratamos de dicirlle que vostede, como responsable da área, o que creo que se debe de trasladar en calquera manifestación pública é iso, responsabilidade, e que deixe vostede meridianamente claro que o seu traballo como presidenta desa Área de Normalización Lingüística vai ser promover, normalizar realmente o idioma galego, que para iso é vostede a presidenta da área. En todo caso, xa digo, nós imos esperar a ver cales son as políticas que se deseñan desde esa área, temos confianza no traballo que poida vostede facer aí, e cando vexamos os réditos ou os resultados dese traballo, censuraremos ou aplaudiremos as súas decisións. En todo caso, este é un punto que queda aí de momento.

Sra. Rodríguez Pérez

Ben, pois doulle as grazas pola confianza.

Sr. presidente

O portavoz do grupo socialista ten unha pregunta e paréceme que vai relacionada, e contéstolles aos dous se lles parece.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, antes de nada, expresar unha reflexión despois de escoitar ao portavoz do Partido Popular. Desde o Grupo Provincial Socialista non nos parece conveniente que a Deputación interveña con investimentos en estradas de titularidade que non son provinciais. Cada Administración ten as súas competencias, o Goberno, a comunidade autónoma, a Deputación, en materia de estradas, e o lóxico é que a Deputación destine os seus recursos a financiar as estradas provinciais, e non a financiar estradas nin estatais, nin autonómicas, é unha reflexión na que nos pronunciaremos se algún día vén algún tema ou algún investimento deste tipo a este Pleno.

E a pregunta que quería facer ten relación coa que acaba de facer o portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Eu quixera expresar a preocupación que temos no grupo socialista por actuacións que se están dando con relativa frecuencia, aínda que só foron tres, levamos poucos Plenos e pouco tempo, nesta Deputación, que son novas, non se coñecían na Deputación e que poden crear precedentes graves porque como dicía o

portavoz do Partido Popular, a ninguén se lle escapa que calquera poida orquestrar unha campaña de escritos á Deputación o día antes de que se celebre unha Comisión, pondo en cuestión calquera circunstancia de calquera expediente que se vaia tramitar. Tamén me desagradou un pouco a intervención do portavoz do Partido Popular, Santiago, polo que sinto un gran afecto desde hai moito tempo, pero cando os servizos técnicos desta casa envían un tema a unha Comisión Informativa, ese tema está perfectamente tramitado, con todos os informes favorables, é difícil que os servizos técnicos desta casa inclúan nunha orde do día dunha Comisión ou dun Pleno, algunha cuestión que non estea co expediente perfectamente tramitado e con todos os informes favorables.

O precedente que se crea é que, se nunha Comisión se recibe o día anterior na Deputación un escrito, enviado por quen sexa, pondo en cuestión algunha cousa dese expediente, home, eu creo que as medidas cautelares tenas que tomar o Xulgado, e no caso de Muxía este é un tema que está no Xulgado, e o Xulgado non tomou ningunha medida cautelar. O que non pode é paralizar un expediente un escrito, porque a Deputación nin tutela, nin fiscaliza as corporacións locais. E se, é unha pregunta e un rogo, o rogo é que se hai un expediente cos informes favorables dos servizos técnicos municipais, cos informes favorables do secretario ou secretaria dese Concello, que a Deputación non mire máis, porque se non, estaría a exercer unha función de tutela e fiscalización que non é competencia desta Deputación.

Por tanto, pór de manifesto a nosa preocupación, supoño que será un tema puntual, e que no futuro aterémonos aos informes que mandan os funcionarios municipais que valen tanto como calquera outro informe. E desde logo, se aceptamos isto como unha forma normal de actuación, pode crear un precedente gravísimo para a Deputación porque se pode paralizar calquera cousa, porque a ninguén se lle escapa que calquera concelleiro de calquera concello pode paralizar calquera obra, calquera expediente, que se tramite nesta casa. Supoño que o presidente compartirá estas reflexións e compartirá tamén que a Deputación nin tutela, nin fiscaliza. Moitas grazas, presidente.

Sr. presidente

Moitas grazas, aproveito para contestar esta pregunta e tamén outra que quedou no aire. A verdade é que, efectivamente, eu creo que a Deputación non ten que fiscalizar a ningún concello, é certo, pero creo que tamén que a excepcionalidade vén marcada indubidablemente polo feito de que, tal día como o 25 de agosto do presente ano, a Garda Civil preséntase nesta Deputación e pide documentación verbo dunha actuación que se está levando a cabo e na que esta institución participa no financiamento, por tanto, eu creo que esa excepcionalidade, loxicamente está xustificada, está xustificada que, por un erro, e non ter falado antes, loxicamente, deste proceso, pase este asunto á orde do día e previamente, loxicamente, como lle corresponde a esta casa, seguramente pediremos e aseguraremos de que ese trámite ou no que respecta á nosa Administración, todo está a levarse segundo os pasos requiridos, que non o dubido, pero loxicamente ante a petición de documentación dun

corpo ou forza de seguridade do Estado, é normal que o revisemos, única e exclusivamente. Iso suporá que, se non vai a esta Comisión, vai á seguinte, por tanto eu creo que, actuando en base á prudencia e á responsabilidade, creo que é un mal menor, e repito que esa excepcionalidade está motivada. De todos os xeitos, si que queda claro que o papel desta institución non é fiscalizar o dos concellos, e iso quero que quede claro, loxicamente, se o Concello envía a documentación que se lle require nesta casa, xa está. Se hai algunha irregularidade, loxicamente non corresponde a esta casa fiscalizala, pero como vostede dixo ten que vir cos informes correspondentes, e iso é única e exclusivamente o que se pide neste caso para comprobar durante un par de semanas ou unha semana se se pode facer e na seguinte Comisión que se inclúa na orde do día. Por tanto, creo que esa excepcionalidade está xustificada.

E con respecto ao orzamento do ano que vén, a verdade é que espero que para o seguinte Pleno sexamos capaces de traer unha proposta de orzamento para aprobación e sometela a aprobación. O escenario, como se pode imaxinar, e non se lle escapa a ningún dos que están aquí presentes polas súas responsabilidades municipais, non é nada prometedor, a situación económica é complicada, e a situación para os concellos e para unha institución como esta, na que unha porcentaxe moi elevada dos seus ingresos depende da participación nos ingresos do Estado ou da achega do Estado, é bastante complicado.

Dito isto, algunha das cousas que vostede nomeou na súa exposición son ou subvencións ou axudas que viñan de antes, refirome ao do Consorcio das Mariñas, é un expediente que vén tramitado polo anterior goberno do que vostedes, como grupo político, formaban parte e, por tanto, seguiu o seu trámite como se expuxo aquí. E en segundo lugar, as outras posibilidades de financiamento ás que vostede aludía que aparecen nos medios de comunicación, a verdade é que aparecen nos medios de comunicación, nos orzamentos do ano que vén, que traeremos ao próximo Pleno, se somos capaces, aí se verán reflectidas, loxicamente, cales son as prioridades desta Deputación, e nós xa expresamos cales eran no seu momento. Isto non significa que en momentos puntuais, nalgúns lugares da provincia poidamos actuar ou non, será sometido ao Pleno e aí serán fixadas as posicións de todos os grupos e, en consecuencia, o posicionamento de cada un de nós.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.